

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**EDUCACIÓN FÍSICA 5º**  
**PRIMARIA**  
**CURSO 2017-18**

**CEIP A LAXE**  
Valón-Doniños (Ferrol)  
A Coruña

Mestra: Lidia Abuin Cartamil

# **ÍNDICE**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	<b>3</b>
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	<b>4</b>
3. CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.....	<b>5</b>
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE	
4.1.TEMPORALIZACIÓN.....	<b>6</b>
4.2.GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	<b>6</b>
4.3.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	<b>16</b>
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIREN A MATERIA.....	<b>16</b>
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.....	<b>17</b>
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	<b>18</b>
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	<b>22</b>
9. DESEÑO DA AVALIACIÓN E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	<b>23</b>
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	<b>25</b>
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	<b>26</b>
12. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS PROCESOS DE MELLORA.....	<b>27</b>

## **1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en Educación Primaria, que se planifica para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria A Laxe (Valón-Doniños-Ferrol) no curso 2017/2018. Este é un centro educativo que ten 4 unidades, 3 de educación primaria (agrupados 1º-2º, 3º-4º, 5º-6º) e 1 de infantil (agrupados 4º-5º-6º) cun total de 60 alumnos. O curso que nos compete encontrase agrupado cos do sexto nivel .

O centro ten un horario de xornada continuada, de 9:40 a 14:40 con servizo de madrugadores, transporte escolar, comedor e actividades extraescolares.

A lingua vehicular da aula será o castelán para dar cumprimento ao Decreto 79/2010 de 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia e a Orde do 22 de Xuño de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas e colexios de educación infantil e primaria, así como o Real Decreto 132 do 2010, que establece os requisitos mínimos dos centros de Infantil e Primaria e Secundaria.

Demográficamente toda a zona está afectada por un descenso no número de habitantes causado pola baixa natalidade e sobre todo pola emigración que afecta fundamentalmente a poboación en idade laboral e nos derradeiros anos tamén a poboación en idade escolar, dado que a emigración que se está producindo na actualidade cara as cidades está arrastrando a familias enteiras.

A programación didáctica proposta, foi realizada en base ao Proxecto Curricular do centro e tendo en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, no que se establece o currículo de Educación Primaria.

### **Características da área:**

A área de Educación Física, na educación primaria, debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Especialmente importante é a relación que a Educación Física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade.

En educación física debe incidirse na coeducación e na igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Finalmente a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

## **2.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

A LOMCE destaca como elemento fundamental de todas as áreas as **competencias clave**, que son as *capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, coa fin de acadar a realización idónea de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos*. Son un total de 7, que serán traballadas de forma global ao longo do curso académico:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL).**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**
- **Competencia dixital (CD).**
- **Competencia en aprender a aprender (CAA).**
- **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- **Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIIE).**
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A relación cos contidos, criterios e estándares encóntrase fixada no apartado 4.

### **3.-CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO**

A LOMCE non distingue obxectivos para cada unha das áreas senón que os formula de forma xenérica para a toda etapa educativa de educación primaria, conformando un total de 14 que se definen a continuación:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais , lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

#### **4.-CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:**

- **TEMPORALIZACIÓN**
- **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
- **PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**



EDUCACIÓN FÍSICA CURSO:QUINTO							
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC	TRIM.	PESO	GRAO M.
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA							
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> c <input type="checkbox"/> d <input type="checkbox"/> k <input type="checkbox"/> m	<input type="checkbox"/> B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. <input type="checkbox"/> B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. <input type="checkbox"/> B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. <input type="checkbox"/> B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio.	<input type="checkbox"/> B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	<input type="checkbox"/> EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	<input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	2%	1%
<input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. <input type="checkbox"/> B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	<input type="checkbox"/> B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	<input type="checkbox"/> EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	2%	1%



			<input type="checkbox"/> EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC	1º 2º 3º	2%	1%
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> k <input type="checkbox"/> l <input type="checkbox"/> m	<input type="checkbox"/> B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. <input type="checkbox"/> B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. <input type="checkbox"/> B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. <input type="checkbox"/> B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. <input type="checkbox"/> B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas.	<input type="checkbox"/> B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	<input type="checkbox"/> EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.	<input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCEC	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.	<input type="checkbox"/> CSC	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> k	<input type="checkbox"/> B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha	<input type="checkbox"/> B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais,	<input type="checkbox"/> EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º	3%	1.5%

<input type="checkbox"/> m	<p>actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.</p>	<p>mostrando unha actitude reflexiva e crítica.</p>	<p>da clase.</p> <p><input type="checkbox"/> EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades.</p>	<p><input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE</p>	<p>3º 1º 2º 3º</p>	<p> 3%</p>	<p> 1.5%</p>
<b>BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES</b>							
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> j <input type="checkbox"/> k	<p><input type="checkbox"/> B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.8. Disposición favorable a participar en</p>	<p><input type="checkbox"/> B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p><input type="checkbox"/> EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p> <p><input type="checkbox"/> EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p> <p><input type="checkbox"/> EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.</p> <p><input type="checkbox"/> EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p>	<p><input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE</p> <p><input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE</p> <p><input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE</p> <p><input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEE <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE</p>	<p>1º 2º 3º  1º 2º 3º  1º 2º 3º  1º 2º 3º</p>	<p>2%  2%  2%  3%</p>	<p>1%  1%  1%  1.5%</p>

	actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.		<input type="checkbox"/> EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	3º	3%	1.5%
<b>BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS</b>							
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> d <input type="checkbox"/> j <input type="checkbox"/> k <input type="checkbox"/> m <input type="checkbox"/> o	<input type="checkbox"/> B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal.  <input type="checkbox"/> B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo).  <input type="checkbox"/> B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.  <input type="checkbox"/> B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo.  <input type="checkbox"/> B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas.	<input type="checkbox"/> B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	<input type="checkbox"/> EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.  <input type="checkbox"/> EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos.  <input type="checkbox"/> EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.  <input type="checkbox"/> EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA  <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA  <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE  <input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	1º 3º  1º 3º  3º  3º	2%  2%  2%  2%	1%  1%  1%  1%

<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> d <input type="checkbox"/> j <input type="checkbox"/> k	<input type="checkbox"/> B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.	<input type="checkbox"/> B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	<input type="checkbox"/> EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	3º	2%	1%
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE							
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> k	<input type="checkbox"/> B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). <input type="checkbox"/> B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. <input type="checkbox"/> B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións.	<input type="checkbox"/> B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	<input type="checkbox"/> EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas.	<input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	3%	1.5%
			<input type="checkbox"/> EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CMCT	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSIEE <input type="checkbox"/> CMCT	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE	1º 2º 3º	2%	1%

☐ k	☐ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	☐ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	☐ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	☐ CAA ☐ CSIEE ☐ CSC	1º 2º 3º	2%	1%
			☐ EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas intensidades de esforzo.	☐ CAA ☐ CMCCT ☐ CSC	1º 2º 3º	2%	1%
			☐ EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	☐ CAA ☐ CSIEE ☐ CSC	2º 3º	2%	1%
☐ k	☐ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos.  ☐ B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo.	☐ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	☐ EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos.	☐ CCL ☐ CAA ☐ CSC ☐ CMCCT	1º 2º 3º	2%	1%
<b>BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>							
☐ a ☐ b ☐ k ☐ m	☐ B6..1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.  ☐ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	☐ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	☐ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	☐ CSC ☐ CSIEE ☐ CAA	1º 2º 3º	2%	1%
			☐ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	☐ CAA ☐ CSIEE ☐ CSC	1º 2º 3º	2%	1%
☐ d ☐ k	☐ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con	☐ B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	☐ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.	☐ CCL ☐ CCEE	2º 3º	2%	1%

<input type="checkbox"/> m <input type="checkbox"/> o	<input type="checkbox"/> B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.			<input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC			
			<input type="checkbox"/> EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes.	<input type="checkbox"/> CCEC <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	3º	2%	1%
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> k	<input type="checkbox"/> B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. <input type="checkbox"/> B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición.	<input type="checkbox"/> B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas.	<input type="checkbox"/> EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC	1º 2º 3º	2%	1%
			<input type="checkbox"/> EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	2%	1%
<input type="checkbox"/> k <input type="checkbox"/> m <input type="checkbox"/> o	<input type="checkbox"/> B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e	<input type="checkbox"/> B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e	<input type="checkbox"/> EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1º 2º 3º	2%	1%

	<input type="checkbox"/> B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.	realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	<input type="checkbox"/> EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	<input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CAA	1° 2° 3°	2%	1%
--	---	--	--	--	----------------	----	----

### 4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

**1.- Observación sistemática:** Rexistraremos o que sucede nas sesións; o progreso día a día. Este rexistro será continuo e o máis sistemático posible. Para elo empregaranse diferentes técnicas: escalas de valoración (cada unidade inclúe unha escala que se aplicará durante as sesións) listas de control, rexistros anecdóticos (neles reflectiranse aqueles acontecementos que sexan significativos, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poidan servir como autoavaliación) así como o diario de clase.

**2.- Probas cuantitativas e conceptuais:** De forma eventual, poderanse aplicar tests de habilidade motriz e condición física que permitan avaliar o estado do alumno/a respecto a algún obxectivo, así como exames para a avaliación de contidos e competencias correspondentes a unidade. Tamén se terán en conta traballos de investigación e busca de información individual ou en grupo.

**3.- Autoavaliación:** Ao finalizar cada unidade didáctica cubriremos a folia de autoavaliación sobre a nosa actuación como docente e sobre os contidos ou actividades tratadas. Nesta recollida de información participará activamente o alumnado dunha maneira intensa durante todo o curso, facilitando así a autoavaliación.

### 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A Educación Física é unha área curricular cun marcado compoñente motor. A maior parte dos contidos propostos teñen un carácter marcadamente actitudinal e procedimental, o que facilita a creación, no alumnado, dun sistema de valores e dunha personalidade, que debe contribuír ao seu desenvolvemento na sociedade actual.

Utilizaranse diferentes estilos de ensino segundo cada situación de ensinanza-aprendizaxe, así conxugaranse a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices.

O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva.

Sempre que as actividades propostas o requiran utilizaranse estilos máis directivos, como a instrución directa ou a asignación de tarefas.

En xeral, a metodoloxía tenderá:

- á adquisición de aprendizaxes significativas, o que producirá unha elevada motivación.
- ao predominio do aspecto lúdico, por ser o xogo un importante recurso metodolóxico, destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo dos deportes e xogos, xa que contribúen a saber “gañar” e saber “perder”.



- á coeducación: fomentando á eliminación de todo signo sexista, buscando a igualdade de oportunidades e posibilitando un desenvolvemento global e integral.
- ao uso das TIC como ferramenta ou instrumento na busca de información e tamén como reflexión e difusión.
- ao aumento progresivo da autonomía do alumnado, conforme as capacidades físicas, as habilidades, a percepción do corpo e o contorno, a coordinación ... que farán os movementos máis eficaces e levará a unha maior autoestima.
- a presentar progresivamente situacións máis complexas, incrementando as dificultades de acordo coa idade e tendo en conta as diferenzas individuais. Creando un clima de confianza que favoreza a participación de todas e todos.
- a que as actividades da área se adapten aos diferentes niveis que posúan os nenos e nenas, coa fin de desenvolver o maior número de capacidades e habilidades en función das destrezas de cadaquén. Minimizando os posibles riscos e extremando as medidas de precaución.

Ademais, e a pesar de que non é un estilo metodolóxico, usaremos como recurso educativo fundamental o xogo, que o actual decreto de currículo sinala como o elemento por excelencia para traballar todo tipo de contido na etapa de educación primaria, e sempre con garantías de éxito polo seu carácter motivador. Ten o valor extra de dar ás sesións un carácter lúdico e de diversión e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas.

Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos convenientemente un tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR**

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os *“instrumentos e medios que suministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensinanza – aprendizaxe”*.

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

- Función motivadora: Captar a atención dos alumnos mediante formas, cores, tacto, sensacións...
- Función estruturadora: Organizar a aprendizaxe.
- Función didáctica: Debe existir congruencia entre os recursos materiais que se poden utilizar e os criterios de avaliación e contidos obxecto de ensinanza.

- Función facilitadora das aprendizaxes: posibilitan que determinados contidos sexan susceptibles de ser ensinados e aprendidos.
- Función de soporte ó profesor: Facilitan a tarefa docente en aspectos de programación, avaliación, rexistro de datos.

#### **Instalacións deportivas:**

- Sala ou espazo cuberto: Debe ter boas condicións de iluminación, acústica, temperatura, pavimento...; que estea libre de obstáculos e de elementos que poidan provocar lesións. Neste caso dispoñemos dun ximnasio con espaldeiras e un escenario.
- Pista polideportiva: Con porterías, canastas e campo de fútbol sala, baloncesto e voleibol marcado no chan.
- Zona de xogos e patio con zonas verdes

#### **Material deportivo:**

- Convencional: aros, cordas, picas, conos, colchóns, bancos, pelotas,...
- Funxible: globos, xices, cintas...
- Reciclado: Xornais, botellas plástico, vasos iogur.
- Tomado da vida cotiá: toallas, sacos, teas, panos, bolsas de plástico...

#### **Material de soporte ao profesor:**

- Ficha seguimento – Datos dos alumnos – Proxecto educativo.
- Test e probas de experimentación.
- Material audiovisual e informático: TV, vídeo, radiocasetes, ordenador, programas informáticos educativos.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis... e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así o considere.

### **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

A avaliación segundo Lagardera, é “o mecanismo de recollida de información que unha vez valorada debe servir para tomar determinadas decisións”. Para a avaliación teremos en conta o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e no que se regulan aspectos relacionados ca avaliación, promoción e cos documentos oficiais da mesma, a Orde de avaliación do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e a

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, contidos, e criterios de avaliación.

Ademáis dos aspectos específicos de cada unidade, valoraremos aspectos de actitude do alumno/a, motivación, interese por aprender, coidado do material, compañeirismo, orde e atención en clase, e aspectos relacionados coa saúde e hixiene, considerados moi importantes para a educación e socialización dos nenos/as.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

#### **Principios nos que se basea:**

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Propiciar ao seu termo o proceso de retroalimentación.

#### **MÍNIMOS ESIXIBLES**

1. Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de control motor.
2. Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos ou descoñecidos.
3. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose axeitadamente á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.
4. Incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.
5. Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento, dos materiais e dos obxectos e atendendo a estímulos musicais, plásticos ou verbais.
6. Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida e actuar dacordo con elas.

7. Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para resolver retos ou oporse aos do equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva, establecendo relacións constructivas e equilibradas.
8. Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, resolvendo de forma crítica as situacións conflictivas que poidan xurdir.
9. Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación que se empregarán nas avaliacións son os seguintes:

- **Contidos, actividades e competencias 30% da nota**
  - Comprensión e asimilación de contidos.
  - Participación, realización e execución das actividades.
- **Cumprimento das normas e comportamento: 20% da nota**
  - Respeita as normas propostas pola mestra
  - Cuida o material e colabora na súa recollida.
  - Ten precaución en non facer ni facerse dano
  - Supera as suás frustracións.
  - Mostra empatía recoñecendo a os seus compañeiros como parte do xogo.
  - Respeto por os diferentes niveles de destreza
- **Esforzo e interese** por mellorar, superarse e aprender: **30% da nota**
  - Mostra atención e implicación nas actividades.
  - Disfruta participando nas actividades
- Hábitos de **hixiene** e emprego da **vestimenta** apropiada: **20% da nota.**

A comprensión e avaliación de contidos realizarase a través de probas obxectivas mediante actividades e traballos, test, probas específicas, etc. Para a avaliación dos demais criterios de cualificación empregaránse listas de control, escalas de valoración, rexistros anecdóticos, diario de clase...

O alumno ou alumna que non poida participar nas actividades prácticas será avaliado e calificado das que sí poida e para o resto basearémonos na realización de traballos, fichas... que a mestra lle encomendará ao longo do período.

Segundo a lexislación anteriormente mencionada para a avaliación da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os resultados da mesma expresaranse nunha escala de 0 a 10, coa seguinte equivalencia:

1, 2, 3 ou 4= insuficiente (IN)

5= suficiente (SU)

6= ben (BE).

7 ou 8= notable (NT).

9 ou 10= sobresaínte (SB).

### **CRITERIOS DE PROMOCIÓN DOS ALUMNOS/AS**

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria.

O claustro deste dentro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción entre os distintos cursos.

#### **Promoción de curso:**

- **Promocionará** aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas.
- **Promocionará** o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas xa repetise ao longo da etapa.
- **Non promocionará** o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas de lingua e a de matemáticas. E ó mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias clave e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no seguinte nivel.
- **O alumno con NEE será avaliado tendo en conta a súa adaptación curricular significativa**, é dicir, tomaranse como referencia para a súa promoción os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados nas respectivas adaptacións.

#### **Programa de reforzo para a recuperación da área de EF**

No caso de ter que incorporar e elaborar un programa de reforzo coa finalidade de acadar aqueles obxectivos que non fosen superados, adoitaranse as seguintes medidas:

- Farase unha avaliación inicial, para determinar o punto de partida, tendo en conta os diferentes bloques de contidos.
- Teranse en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis do curso ou avaliación no que non acadou a avaliación positiva.
- Darase reforzo nas clases prácticas propoñendo actividades específicas axeitadas aos aspectos deficitarios.
- Farase fincapé no control do corpo nas habilidades básicas do nivel correspondente así como na capacidade de respectar as regras grupais do xogo.
- No momento do curso no que se consideren superadas as deficiencias avaliarase positivamente dita área.

## **8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE: INDICADORES DE LOGRO**

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso.

Trimestralmente usaranse os seguintes **indicadores de logro**, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

<b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO</b>				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				

12. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				
---	--	--	--	--

<b>AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE</b>				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
2. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?				
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura, de comprensión e de expresión oral?				
6. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino / aprendizaxe?				
7. Préstase atención aos temas transversais?				
8. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
10. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...?				

4=excelente. 3=boa. 2=aceptable. 1=inadecuada.

### **9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensinanza – aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións. Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as ao comezar o curso.

Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter dun diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna

- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
  - o Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado
  - o Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos...Botar un balón.
  - o Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitude.
  - o Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
  - o Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren superior (lanzamento balón medicinal), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco)
  - o Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades serán rexistradas en video para un posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos.

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais.

Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa adecuada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.



A miña proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

1.<sup>a</sup> Adoptar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2.<sup>a</sup> Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales foren as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

Por conseguinte, a presente Programación suxire:

1.º Facilitar, consolidar e desenvolver a socialización do alumnado, o que significa ensinarlle a aprender a convivir e a comportarse adecuadamente en grupo, a ser solidario, a cooperar e a respectar as normas; para iso, imponse a posta en práctica das teorías de grupo e de dinámica de grupo, aplicando os modelos, estratexias e estilos máis adecuados en cada caso.

2.º Realizar adaptacións curriculares encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos en que as diferenzas e dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).

## **10- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, as aptitudes e capacidades individuais así como os seus distintos intereses e motivacións.

As **medidas de atención á diversidade** poderán ser tanto organizativas como curriculares, e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais para unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

Irán dirixidas á consecución dos seguintes **obxectivos**:

- Facilitar ao alumnado o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e a adquisición das competencias básicas e dos obxectivos da área.
- Establecer os mecanismos axeitados de apoio e reforzo precisos, que permitan detectar e superar as dificultades de aprendizaxe que presente o alumnado.
- Coordinar coa titoría e orientación educativa do alumnado para apoiar o seu proceso educativo.

Realizaranse as adaptacións necesarias, articulándose medidas correctoras ou vías alternativas, mediante actividades de reforzo, ampliación, etc., segundo as circunstancias concretas de cada alumno/a.

Esta programación pretende adaptarse ás necesidades individuais por iso deseñouse cun carácter aberto e flexible que permite que unha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno/a.

### **Alumnos con NEAE (necesidades específicas de apoio educativo)**

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos.

A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con n.e.e. motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDHA pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

## **11- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

### **Actividades complementarias**

Participarase nos seguintes eventos, conmemoracións e celebracións do centro. A destacar:

Primeiro trimestre: Samaín e Magosto , Día internacional contra a violencia de xénero , Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia , Día da declaración Universal dos dereitos humanos , Festival de Nadal .

Segundo trimestre: Día da Paz (30 e xaneiro). Entroido , Semana da prensa , Día internacional da muller traballadora , Día Mundial dos dereitos do consumidor .

Terceiro Trimestre: Día Mundial da Saúde , Semana do libro , Día de Europa , Maíos e Letras Galegas , Día mundial do Medio Ambiente .

### **Actividades extraescolares**

Dende a área de Educación Física intentaremos fomentar a participación das nenas e nenos nas actividades extraescolares organizadas dentro do Programa Municipal de Actividades Extraescolares .

Na PXA figura a programación específica destas actividades, así como o nº de participantes e os horarios semanais das mesmas.

Esta área colabora con entidades e clubs deportivos na divulgación dos deportes que representan, facilitando sesións de sensibilización co alumnado.

Participaremos ademais no Progrma Xogade.

### **12- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O departamento de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando un análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final do departamento, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar o modificar con respecto a programación prevista.

A programación e un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hay que reflexionar sobre su adecuación a cada grupo-clase o a cada alumno ou alumna e se e necesario modificarla en función dos feed-back recibido e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino aprendizaxe.

**Aspectos susceptibles de analizar como parte de la revisión, evaluación y modificación de la programación didáctica.**

	0	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo					
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas					
O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD					
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar					
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación					
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos de avaliación					
Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver					
Aplicación metodoloxía didáctica acordada					
Adecuación da secuencia de traballo na aula					
Adecuación dos materiais didácticos utilizados					
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación contínua					
Adecuación dos programas de apoio, recuperación...vinculados a os estándares					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE					
Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas					
Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos					
Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción					
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso					
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro					
Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia					

0 = Nulo 1= Deficiente 2= Suficiente 3= Competente 4= Excelente